



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a Fundación do Fútbol Galego para a Promoción dos Valores da Educación Inclusiva, a Convivencia e a Igualdade a través das Actividades Deportivas.

En Santiago de Compostela.

REUNIDOS

Dunha parte, Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante Consellería).

Da outra, Don **RAFAEL LOUZÁN ABAL**, con DNI 35.451.643-H, presidente da Fundación do Fútbol Galego (en diante, Fútbol Galego), en nome e representación desta entidade, con CIF G70530530, e domicilio social na rúa Juan de Ciorraga nº 3 e 5, 15008 A Coruña, inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número de Rexistro 2017/14 (DOG 224, venres 24 de novembro de 2017).



EXPOÑEN

1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

2. Que a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, na redacción dada ao seu título II pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, reconece "que as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional", e, para iso, deberán asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades.

3. Que o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, dispoñen que os centros docentes deben promover estilos de vida saudables, "... con medidas específicas dentro do seu proxecto educativo, de xeito que se promova a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e das alumnas durante a xornada escolar, en relación coa promoción dunha vida activa, saudable e autónoma" (artigo 20 do Decreto 105/2014), e "... medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento xuvenil, ... de xeito que se promova a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e das alumnas durante a xornada escolar, en relación coa promoción dunha vida activa, saudable e autónoma" (artigo 40 do Decreto 86/2015).

4. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que "a Consellería con competencias en





materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

5. Que a Fundación do Fútbol Galego, é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxecto e finalidade permanente:

- O achegamento e promoción do deporte, en especial do fútbol nas súas diferentes especialidades e modalidades, á sociedade galega en xeral.
- Difundir e expandir na Comunidade Autónoma de Galicia os valores inherentes á práctica deportiva e facilitar o acceso de nenos e nenas ao mesmo, procurando que a práctica do deporte vaia unida á formación integral da persoa.
- Potenciar a incorporación de persoas con diversidade funcional ao mundo do fútbol.
- Potenciar a formación dos profesionais do fútbol galego.
- A axuda a xogadores, adestradores e árbitros de fútbol en risco de exclusión social.

6. O deporte en xeral, e o fútbol en particular, ten transcendido da esfera deportiva e se ten convertido nun fenómeno que se caracteriza pola súa capacidade para xerar interaccións con outras esferas sociais, económicas e culturais, ás cales condiciona e, as veces, chega a modificar.

O sistema educativo ten como misión lograr o máximo desenvolvemento das alumnas e alumnos en todas as súas dimensións. Este reto, nun mundo en permanente cambio, precisa buscar sinerxías con todos os actores relevantes das comunidades, neste sentido a colaboración co mundo do deporte pode aportar referentes inspiradores para o traballo educativo.

Ademais dos coñecementos e as competencias necesarias para a vida, o sistema educativo traballa a consolidación de valores que fan posible o desenvolvemento equilibrado de todas as persoas.





Neste campo as achegas dos clubs deportivos pode resultar moi relevante. Tradicionalmente o deporte está asociado como un medio axeitado para a construción e transmisión de competencias e de valores que son fundamentais para o crecemento individual e colectivo: afán de superación, inclusión, respecto polas persoas, tolerancia, cumprimento das normas, perseveranza, traballo en equipo, colaboración, superación, autodisciplina, responsabilidade, cooperación, solidariedade, empatía, honestidade, lealdade, compañeirismo, compromiso...

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da actividade física, do deporte e na promoción de hábitos de vida saudables.

En consecuencia, as dúas partes acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

O convenio ten por obxecto establecer un marco de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación do Fútbol Galego en base a accións e actividades dirixidas a promover a inclusión, a convivencia e a igualdade no marco da práctica das actividades deportivas, así como os valores de solidariedade, tolerancia, respecto e amizade entre o alumnado dos centros educativos galegos.

Segunda. *Persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias das medidas previstas neste protocolo son directamente o alumnado de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, escolarizado nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, así como o profesorado, o persoal dos servizos complementarios, os/as orientadores/as, e as familias ou os representantes legais dese alumnado.

Terceira. *Desenvolvemento da colaboración*



1. Tanto a Consellería de Cultura, Educación e Universidade como a Fundación do Fútbol Galego buscarán, conxuntamente, impulsar iniciativas, accións e proxectos que promovan boas prácticas na actividade deportiva e valores positivos entre o alumnado dos centros docentes galegos e os deportistas dos clubs da Real Federación Galega de Fútbol nos campos da inclusión, a convivencia e a igualdade entre homes e mulleres.
2. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación do Fútbol Galego impulsarán Xornadas de convivencia deportiva / fútbol inclusivo na que participen nais e pais, alumnado dos centros docentes, futbolistas, árbitros e docentes, desenvolvendo na mesma diferentes actividades como un "mundialiño" entre varios equipos, seminarios sobre boas prácticas no deporte e actividades encamiñadas á promoción de valores positivos no deporte.
3. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación do Fútbol Galego favorecerán a participación no programa "eduMOTIVAcon" de figuras sobresaíntes do fútbol, como árbitros, futbolistas e adestradores, para, así, fomentar no alumnado valores como a motivación, a convivencia, a inclusión, o esforzo, a curiosidade, o pensamento crítico e o traballo en equipo.
4. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación do Fútbol Galego promoverán en cada curso escolar unha competición de fútbol inclusivo entre diferentes equipos de participación voluntaria, promovendo a participación nestes equipos de nenos e nenas con diversidade funcional.
5. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade difundirá nos centros educativos e nas ANPAs a posibilidade de realizar unha actividade extraescolar sobre Arbitraxe.
6. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación do Fútbol Galego colaborarán no perfeccionamento dun decálogo de boas prácticas no fútbol (accesible a persoas con diversidade funcional), ao que se lle dará difusión nos distintos centros docentes da Consellería.
7. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación do Fútbol Galego, colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais, unidades didácticas e documentos que permitan fomentar a inclusión e os valores nas prácticas do deporte.





8. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade facilitará a colaboración da Fundación do Fútbol Galego, cos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no ámbito da actividade física, o deporte e na promoción de estilos de vida saudables.

Cuarta. *Financiamento*

Este convenio non leva consigo aparelladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Quinta. *Relacións laborais*

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal do Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sexta. *Comisión de seguimento*

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería.

2. A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.





- c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo.
- d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sétima. *Natureza e réxime xurídico*

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, a súa interpretación, cumprimento e execución corresponderá aos tribunais contencioso-administrativos, tralo esgotamento da vía administrativa.

Oitava. *Protección de datos e confidencialidade*

Ambas as partes comprométese a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).





Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Novena. *Transparencia*

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos de identificación das persoas asinantes.

Décima. *Resolución*

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo primeira. *Vixencia*

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e durará ata finais do curso académico 2024-2025, isto é o día 31 de agosto de 2025, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

De conformidade co establecido no artigo 49.h)2º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderán superar o límite temporal aí establecido.





Décimo segunda. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Lido o Convenio asíñase dixitalmente polas partes.

POLA CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE,

O CONSELLEIRO,

Román Rodríguez González

POLA FUNDACIÓN DO FÚTBOL
GALEGO,

O PRESIDENTE,

Rafael Louzán Abal

